



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Lage Tuñas e Luis Toxo Ramallo**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Hai máis de cinco anos que diferentes responsables do Goberno municipal de Ribeira, así como de anteriores Gobernos da Xunta de Galicia anunciaran en repetidas ocasións a materialización dun proxecto de vivendas protexidas no Concello de Ribeira.

Dende hai uns días, coñecemos a rescisión do contrato coa adxudicataria da citada actuación por parte da Consellería de Vivenda e Solo por incumprimento contractual. É preciso que se poida resolver nun tempo razoable a demora que arrastra esta actuación pola mala xestión dos anteriores gobernos.


Dado o déficit de vivendas de protección oficial que existe no noso país, e despois do anteriormente exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que causas obrigaron á Consellería de Vivenda e Solo a rescindir o contrato coa empresa adxudicataria?
- 2.- Que pasos vai a dar a Consellería de Vivenda e Solo para axilizar a construción das citadas vivendas protexidas tan demandadas no Concello de Ribeira?

Pazo do Parlamento, 04 de outubro de 2006

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas  
Luis Tojo Ramallo  
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lage Tuñas na data 05/10/2006**

**13:22:26**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Luis María Tojo Ramallo na data 05/10/2006**

**13:22:40**